

**INFORME CLIMATOLÓXICO  
MES DE XANEIRO DE 2018**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN .....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES .....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	7
5	TEMPERATURA .....	11
5.1.	Temperatura media das máximas. ....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas. ....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010. ....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2018. ....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual xaneiro 2018 .....	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	19
6.3.	Días de chuvia en xaneiro de 2018 .....	20
6.4.	Evolución da precipitación en xaneiro de 2018. ....	22
7	VENTO .....	23
8	RADIACIÓN SOLAR .....	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual .....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal. ....	28
9	RAIOS .....	29

**Anexo: Resumo mensual**

**Data edición: 15/02/2018**



**Mes normal en canto ás chuvias, con temperaturas algo por riba da media.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

## **2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES**

O mes de xaneiro foi un mes tipicamente invernal en Galicia cunha circulación moi zonal que foi achegando de xeito sucesivo borrascas que circulaban polo Atlántico norte. Isto explica que as chuvias acumuladas fosen normais con excesos de precipitación en puntos da provincia de Pontevedra e zonas da provincia de Lugo, mentres que zonas da Coruña e Ourense rexistraron menores chuvias das normais nun mes de xaneiro.

O ano comezou polo tanto, cunha cadea de borrascas que comezara na derradeira semana do mes de Decembro. Así, os primeiros 5 días do mes tivemos chuvias bastante xeneralizadas e ventos do suroeste, entre moderados e fortes, con diferentes avisos no mar por ondas altas. Cos ventos predominantes do suroeste as temperaturas non foron baixas nesas 5 xornadas. Sen embargo, na tarde do día 5 o vento cambiou a compoñente norte e comezou a achegar aire frío, polo que o sábado e o domingo tivemos temperaturas baixas, pero apenas precipitación.

O día 8 foi de transición e pola tarde retomamos a cadea de borrascas, que deixou tres xornadas, as do 8, 9 e 10 pola mañá con chuvias xeneralizadas e ventos moderados do suroeste.

As xornadas do 10 pola tarde e o 11 foron de transición, con baixada de temperatura o día 10 e chuvias escasas e intermitentes. O día 12 tivemos o paso doutro sistema frontal con cantidades moderadas de chuvia. O paso desa fronte arrastraba aire frío e deixaba nas dúas seguintes xornadas do 13 e do 14 tempo cambiante e inseguro, con baixas temperaturas, chuvascos de neve por riba dos 1000 metros de altura e sarabia en cotas máis baixas.

A semana entre o 15 e o 21, Galicia quedou nunha situación intermedia entre as altas e as baixas presións, con chuvias non moi cuantiosas e temperaturas oscilando en función do vento, xa que nos días 15, 16 e 18 soprou do noroeste, polo que as temperaturas foron algo máis baixas, mentres que os días 17, 19, 20 e 21 tiveron temperaturas algo máis suaves. Esta situación intermedia prolongouse nos primeiros días da seguinte semana quedando xornadas de moita humidade pero temperatura suave e escasa precipitación no período entre o 22 e o 24.

O propio 24 pola tarde chegaba unha fronte que deixaba nas últimas horas dese día e na xornada do 25 chuvias xeneralizadas en toda a Comunidade. Esta fronte deu paso a entrada

de aire frío, polo que os días 26 e 27 non tiveron moita precipitación, pero si unha importante baixada das temperaturas.

As derradeiras 4 xornadas do mes quedaron caracterizadas pola entrada das altas presións que foron estabilizando a atmosfera. Isto deixounos 4 días moi semellantes, con néboas no interior e baixas temperaturas ao principio, rexistrándose algunhas xeadas no interior, pero os valores de temperatura ascendían con forza e as máximas estiveron en xeral por riba dos 15°C chegando a rexistrarse máximas superiores aos 20°C en puntos do litoral pontevedrés.

### **3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

Nos mapas de anomalías de presión tanto en superficie (Figura 1) como en altura (Figura 2) pódese observar unha anomalía negativa no Atlántico norte estendéndose ata as illas Británicas. Esta anomalía significa que as borrascas que normalmente circulan nesa posición durante o mes de xaneiro foron algo máis profundas do habitual e polo tanto máis activas. Isto explica que a pesar de ter localmente presións algo máis elevadas nas latitudes de Galicia, as cantidades de chuvia acumuladas durante o mes estivesen moi próximas ás normais.

### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Xaneiro-2018.

### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Xaneiro-2018.

#### **4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



**A CORUÑA**

	XANEIRO 2018 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.9/11.6	10.8	12.4 (2016)	8.5 (1976)
Tª mínima media	9.6/9.4	8.2	10.2 (1966)	4.9 (1953)
Tª mínima absoluta	4.3/4.1 (día 6)	-0.8 (01/01/1971)		
Tª mínima máis alta	14.9/15.2 (día 3)	15.6 (10/01/1998)		
Tª máxima media	14.2/13.9	13.4	14.9 (2016)	11.3 (1985)
Tª máxima absoluta	17.8/17.1(día 23/3)	21.2 (26/01/1983)		
Tª máxima máis baixa	10.6/10.5 (día 15/6)	4.6 (10/01/2010)		
Precipitación acumulada	86	79-132	342 (1948)	3 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	15	14	27 (2014)	1 (1964)

*Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para as mínimas o mes resultou moi cálido.*

*A precipitación rexistrada está dentro do rango normal de valores para esta variable, aínda que o número de días de chuvia é lixeiramente superior ao valor climático.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2018 Temperatura: 1948-2018

**SANTIAGO**

	XANEIRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.0	8.8	10.7 (1982)	6.9 (1985)
Tª mínima media	6.1	5.2	7.4 (1982)	2.0 (1992)
Tª mínima absoluta	0.1 (día 6)	-4.3 (09/01/1985)		
Tª mínima máis alta	13.2 (día 3)	13.7 (22/01/2016)		
Tª máxima media	12.0	12.4	14.0 (1982)	10.6 (1985)
Tª máxima absoluta	17.1 (día 30)	21.2 (12/01/1997)		
Tª máxima máis baixa	8.6 (día 6)	3.1 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	146	186-251	523 (2001)	44 (1983)
Días de chuvia (≥1mm)	18	15	28 (2014)	3 (1983)

*Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas mínimas e frío para as máximas. Como resultado disto o mes resultou normal tendo en conta a temperatura media.*

*A precipitación rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, sen embargo o número de días de chuvia foi superior ao valor climático agardado.*

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2018. Temperatura: 1982-2018





## LUGO

	XANEIRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	7.2	6.3	8.4 (1988)	3.9 (1985)
Tª mínima media	3.3	2.4	5.6 (1988)	-0.9 (1992)
Tª mínima absoluta	-0.7 (día 15)	-8.0 (10/01/1985)		
Tª mínima máis alta	<b>12.6 (día 3)</b>	12.0 (22/01/2016)		
Tª máxima media	11.2	10.2	12.7 (1993)	6.7 (1985)
Tª máxima absoluta	15.7 (día 3)	20.2 (24/01/2016)		
Tª máxima máis baixa	<b>6.4 (día 6)</b>	8.2 (28/01/2010)		
Precipitación acumulada	101	62-124	247 (2001)	23 (1983)
Días de chuvia (≥1mm)	17	13	27 (2001)	3 (2000)

*Comentario:* Mes cálido en xeral para todas as temperaturas. Neste mes acadáronse dúas efemérides: a temperatura mínima absoluta máis alta e a temperatura máxima absoluta máis baixa.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable. Sen embargo, o número de días de chuvia é moi superior ao valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1981-2018. Temperatura: 1981-2018

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XANEIRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.3	9.5	12.1 (1966)	7.2 (1976)
Tª mínima media	6.5	5.0	8.8 (1966)	1.2 (1976)
Tª mínima absoluta	1.3 (día 6)	-4.5 (14/01/1987)		
Tª mínima máis alta	15.4 (día 3)	15.6 (01/01/2003)		
Tª máxima media	14.0	14.0	15.6 (1958)	11.6 (1972)
Tª máxima absoluta	19.8 (día 29)	23.5 (25/01/1959)		
Tª máxima máis baixa	10.5 (día 15)	3.0 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	199	172-204	536 (1970)	24 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	20	14	28 (2014)	3 (1992)

*Comentario:* As temperaturas máximas este mes de xaneiro foron normais, sen embargo as mínimas resultaron moi cálidas. Como resultado disto tivemos un mes cálido en canto á temperatura media.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable, pero pódese apreciar que o número de días de chuvia foi moi elevado con respecto ao valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1958-2016. Temperatura: 1958-2018



OURENSE

	XANEIRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.8	8.1	11.1 (1982)	4.4 (1976)
Tª mínima media	4.3	3.4	7.3 (1982)	-1.9 (1976)
Tª mínima absoluta	-0.8 (día 31)	-7.0 (10/01/1985)		
Tª mínima máis alta	<b>15.0 (día 3)</b>	14.0 (10/01/2014)		
Tª máxima media	13.4	12.7	14.8 (1982)	9.9 (1972)
Tª máxima absoluta	19.2 (día 29)	22.0 (27/01/2003)		
Tª máxima máis baixa	5.9 (día 6)	1.0 (07/01/1973)		
Precipitación acumulada	75	69-98	221 (2016)	2 (1981)
Días de chuvía (≥1mm)	9	11	23 (2014)	0 (1981)

*Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas. Nesta localidade tamén se acadou o rexistro máximo histórico na temperatura mínima absoluta máis alta.*

*A precipitación está dentro do rango normal para a precipitación, pero neste caso o número de días de chuvía foi inferior ao valor climático agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2016. Temperatura: 1972-2018

## 5 TEMPERATURA

Os valores de temperatura media foron lixeiramente máis elevados con respecto á media climática, aínda que o valor non se afasta demasiado da mesma. Ao igual que no caso das precipitacións, a sucesións de borrascas marcaron unha situación moi normal, aínda que cun lixeiro predominio das situacións de suroeste, e sobre todo uns derradeiros días con temperaturas elevadas para un mes de xaneiro durante as horas centrais do día.

### 5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xaneiro de 2018.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xaneiro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 10.5 °C. Os valores máis altos rexistráronse principalmente nas Rías de Vigo e Arousa, así coma nas Rías altas e Ferrol-Terra, con valores próximos aos 14.5 °C. Por outra banda, os valores máis baixos déronse principalmente na alta montaña luguesa e ourensá na que houbo varios días de neve, cunha temperatura máxima media moi próxima a 1 °C.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xaneiro para o territorio galego foi de 4.1 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados nas comarcas da Limia, Viana e Valdeorras con valores próximos aos -2 °C. Os valores máis altos déronse principalmente en puntos moi localizados do litoral con valores de máis de 9 °C.





Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xaneiro de 2018.



### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de xaneiro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de 0.8 °C. Neste mes, as anomalías máis baixas moi próximas a 0 °C déronse en localidades da provincia de Pontevedra e o sur da Coruña. Isto contrasta co norte da Comunidade na que se rexistraron anomalías de ata + 2 °C.



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xaneiro respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas da Comunidade déronse en Ferrol Terra e as Rías Altas (Táboa 1) e as máis baixas, próximas a normalidade (Táboa 2), destacando algunhas localidades da provincia de Pontevedra.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cambre	A Coruña	1.8
Cedeira	A Coruña	1.8
Carballo	A Coruña	1.8
Cariño	A Coruña	1.7
Bergondo	A Coruña	1.7
Triacastela	Lugo	1.5
Ortigueira	A Coruña	1.5
Cerdido	A Coruña	1.5
Valdoviño	A Coruña	1.5
Betanzos	A Coruña	1.5

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de xaneiro de 2018.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Esgos	Ourense	0.0
Pobra do Caramiñal	A Coruña	0.0
Ribeira	A Coruña	0.1
Guarda (A)	Pontevedra	0.1
Pontevedra	Pontevedra	0.1
Cotobade	Pontevedra	0.1
Rosal (O)	Pontevedra	0.2
Fornelos de Montes	Pontevedra	0.2
Padrón	A Coruña	0.2
Campo Lameiro	Pontevedra	0.2

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de xaneiro de 2018.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xaneiro de 2018 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do 29 de xaneiro foi unha das que rexistrou as temperaturas máximas máis altas, por debaixo en por enriba dos 1000m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2018				
<u>por debaixo dos 1000m de altitude</u>				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
29/01/2018	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	21.3
29/01/2018	Vigo	VIGO	Pontevedra	20.5
29/01/2018	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	20.5
29/01/2018	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	20.3
03/01/2018	Foz	FOZ	Lugo	20.0
03/01/2018	Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	19.9
29/01/2018	Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	19.9
29/01/2018	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	19.8
29/01/2018	Lourizán	PONTEVEDRA	Pontevedra	19.8
29/01/2018	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	19.8

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2018 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2018				
<u>por enriba dos 1000m de altitude</u>				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
29/01/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	16.4
30/01/2018	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	14.5
29/01/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	14.5
30/01/2018	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	14.2
29/01/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	13.2
23/01/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	12.0
18/01/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	11.8
30/01/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	11.7
18/01/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	11.4
23/01/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	11.3

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2018 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xaneiro de 2018 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Neste caso no na xornada do 6 de xaneiro rexistráronse as temperaturas máis baixas, tendo en conta as dúas altitudes.

<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2018</b>				
<b>por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
06/01/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-7.9
06/01/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-7.7
06/01/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-7.4
08/01/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-5.8
08/01/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-4.1
06/01/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-4.1
06/01/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-4.0
06/01/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	-4.0
08/01/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-3.7
06/01/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-3.6

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2018 altitude superior a 1000m.


<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2018</b>				
<b>por debaixo dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
15/01/2018	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-6.6
30/01/2018	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-4.9
24/01/2018	Baltar	BALTAR	Ourense	-4.6
18/01/2018	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-4.2
15/01/2018	Morelle	SARRIA	Lugo	-3.6
15/01/2018	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-3.4
29/01/2018	Lanzós	VILALBA	Lugo	-3.0
06/01/2018	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-2.7
06/01/2018	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	-2.6
08/01/2018	Ríós	RIÓS	Ourense	-2.5

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2018 altitude inferior a 1000m.




### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2018.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018 para esta serie foi 8.7 °C.



**Figura 6:** Temperatura media ó longo do período 1961-2018 para xaneiro.

A anomalía media da temperatura para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.7 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como lixeiramente cálido. Isto debeuse principalmente ás temperaturas mínimas que presentaron unha anomalía de (+1.3 °C), mentres que as temperaturas máximas resultaron normais. Xa no ano 2016 se rexistrara unha anomalía maior na temperatura media.



**Figura 7:** Evolución da anomalía de temperatura media en xaneiro, respecto ó período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

O media das chuvias en toda Galicia achegouse moito á normalidade durante este mes, cunhas chuvias distribuídas tamén de forma bastante homoxénea ao longo de todo o período. Soamente a finais do mes tivemos un período anticiclónico, seco e soleado de 4 días de duración.

A chuva media no mes de xaneiro obtida a partir dos valores do mapa (figura 8) foi de 165 L/m<sup>2</sup>, resultando un mes de xaneiro normal no conxunto da Comunidade. Así temos lugares, como a comarca de Valdeorras que presentou valores de chuva acumulada mensual moi baixos fronte as localidades de Fornelos de Montes o Cuntis onde se rexistraron valores próximos aos 400 L/m<sup>2</sup>.

### 6.1. Precipitación acumulada mensual xaneiro 2018





Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xaneiro de 2018.

## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xaneiro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 5.7 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Destacan as comarcas do Eume e Terra Chá, onde choveu máis do dobre do esperado, como as máis húmidas deste mes, mentres que na Comarca de Valdeorras, houbo localidades onde choveu menos do 80 %.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xaneiro de 2018.



### 6.3. Días de chuvia en xaneiro de 2018

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a  $1 \text{ L/m}^2$ ) foi de 16.1. Con excepción da provincia de Ourense e algunhas localidades da provincia de Lugo, case toda a Comunidade superou este limiar, con valores de ata 25 días nas na comarca de Ferrol. Os valores máis baixos, que se achegaron aos 7 días déronse no concello de Monforte de Lemos.




Figura 10: Días de chuvia superior a  $1 \text{ L/m}^2$  durante o mes de xaneiro de 2018.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de xaneiro. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes superan os 300 L/m<sup>2</sup>, en moitas localidades. As estacións meteorolóxicas da provincia de Pontevedra rexistraron os valores máis altos, ao mesmo tempo que a xornada do 2 de febreiro os valores acumulados nas mesmas, superaron 60 L/m<sup>2</sup>.

Precipitacións acumuladas máximas en xaneiro de 2018			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	425
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	405
Castrove	POIO	Pontevedra	383
Muralla	LOUSAME	A Coruña	337
Labrada	ABADÍN	Lugo	328
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	316
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	301
Pereira	FORCAREI	Pontevedra	293
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	291
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	289


**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2018.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Castrove	POIO	Pontevedra	92	02/01/2018 02:50
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	89	02/01/2018 03:30
Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	80	02/01/2018 03:30
Muralla	LOUSAME	A Coruña	77	02/01/2018 02:20
Cespón	BOIRO	A Coruña	75	02/01/2018 02:10
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	73	02/01/2018 03:10
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	65	02/01/2018 02:40
Pereira	FORCAREI	Pontevedra	63	04/01/2018 08:20
Costa	ROIS	A Coruña	61	02/01/2018 02:40
Aldea Nova	NARÓN	A Coruña	60	04/01/2018 08:00

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xaneiro de 2018.


### 6.4. Evolución da precipitación en xaneiro de 2018

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018, para esta serie, foi 157 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 11:** Precipitación ó longo do período 1961-2018 para xaneiro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 7 % por encima do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como normal, tendo en conta a totalidade da Comunidade. Contrasta co ano pasado que resultou seco, cunha porcentaxe de precipitación moi baixa.



**Figura 12:** Evolución da anomalía de precipitación en xaneiro, respecto ó período 1981-2010.

## 7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h . Destacan as xornadas dos días 1 e 10, nas que se algunhas estacións rexistraron refachos de vento de máis de 100 km/h. Se ben na xornada do día 10, foi de ventos fortes en xeral, superándose os 70 km/h en moitos puntos de Galicia.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xaneiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
01/01/2018	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	130.6
01/01/2018	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	128.9
09/01/2018	Burela	BURELA	Lugo	116.4
07/01/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	110.1
10/01/2018	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	109.7
01/01/2018	Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	108.6
10/01/2018	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	107.6
10/01/2018	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	107.4
10/01/2018	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	106.7
04/01/2018	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	103.3

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de xaneiro.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	91.5	SO	14		
		Día 10				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Pta. Candieira	Cedeira	128.9	SO	14		
		Día 1				
Malpica	Malpica	107.6	O	2		
		Día 10				
Marco da Curra	Monfero	87.3	SO	6		
		Día 4				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2018 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	116.4	SO	6		
		Día 9				





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ancares	Cervantes	110.1	SO	11		
		Día 7				

**Táboa 11:** Resumo vento no mes de xaneiro de 2018 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	92.6	O	13		
		Día 10				
Rodicio	Maceda	62.7	SO	12		
		Día 9				
Gandarela	Celanova	64.0	NO	41		
		Día 10				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de xaneiro de 2018 na provincia de Ourense.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	79.8	S	13	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN          Fornelos de Montes (10096) # 01/2018          01/2018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s)          Fornelos de Montes (10096) # 01/2018</p>
		Día 1				
Ons	Bueu	96.0	SO	9	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN          Ons (19126) # 01/2018          01/2018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s)          Ons (19126) # 01/2018</p>
		Día 10				

**Táboa 14:** Resumo do vento no mes de xaneiro de 2018 na provincia de Pontevedra.

## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de xaneiro de 2018.

## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.


## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de xaneiro 507 raios. Destaca a xornada do día 10, na que as treboadas rexistradas deron lugar a fortes descensos de aire que causaron danos nalgunhas localidades galegas (figura 15).



**Figura 15:** Número de raios por día detectados en Galicia en xaneiro de 2018.


A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, estiveron moi repartidos por toda a Comunidade, coa excepción da provincia de Ourense.



**Figura 16:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en Xaneiro de 2018.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en xaneiro en Galicia dende o ano 2010 ao 2018. Nesta gráfica pódese observar que o mes de xaneiro presentou un número de raios maior que anos anteriores, pero foi superado polos anos 2014 e 2015.



**Figura 17:** Número total de raios rexistrados en xaneiro dende 2010 a 2018.

**MeteoGalicia**  
**Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático**  
**Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.**  
**Xunta de Galicia**



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 1

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
<b>A Coruña</b>																										
A Gándara	8.4	10.52	14.3	29	6.5	1.6	5	266	38.5	5	240	90	98	78	24	71	447	24	71	447	24	109	10	974	27	0
Aldea Nova	9.2	11.78	16.6	29	7.0	2.2	6	239	39.2	5	211	91	99	77	20	59	379	12	75	1	990	26	0	990	26	0
Arzúa	7.3	11.09	17.6	30	3.5	-2.0	15	191	28.6	5	170	94	100	78	23	68	443	6	74	10	980	25	8	980	25	8
Camariñas	11.7	13.42	15.9	4	9.0	3.3	6	118	21.9	5	73	85	95	71	28	82	502	19	86	9	1023	22	0	1023	22	0
Cariño	12.0	13.72	17.6	3	9.8	5.3	6	162	37.8	5	119	81	93	69	25	72	474	20	93	10	1022	21	0	1022	21	0
Cespción	10.1	13.86	19.5	29	6.4	0.4	6	273	72.2	2	246	93	100	76	30	87	514	6	77	10	1019	21	0	1019	21	0
CIS Ferrol	10.7	13.65	16.9	29	8.0	3.1	31	174	33.9	5	143	88	99	69	23	67	450	11	75	9	1019	26	0	1019	26	0
Corrubedo	10.9	13.63	18.3	29	8.3	4.1	6	178	27.8	5	142	85	95	72	30	87	538	13	76	9	1020	21	0	1020	21	0
Coruña-Dique	11.6	13.91	17.6	3	9.1	3.6	30	69	16.0	5	-	79	91	65	-	-	-	19	92	10	1023	21	0	1023	21	0
Coruña-Torre de Hércul	11.9	14.22	17.8	23	9.6	4.3	6	86	18.0	5	-	77	88	63	-	-	-	-	-	-	-	-	-	24	0	-
*Costa	9.4	12.97	18.5	29	6.2	-0.2	6	209	56.0	2	-	93	100	79	-	-	-	4	51	10	1003	21	1	1003	21	1
*Coto Muiño	8.4	12.26	17.1	30	4.4	-1.9	6	232	40.2	5	-	95	100	81	-	-	-	3	46	4	-	26	8	-	26	8
Fontecada	8.1	11.13	15.7	30	5.3	-0.9	6	300	40.9	5	272	88	94	74	25	72	472	11	76	5	980	25	2	980	25	2
*Guísamo	10.0	13.18	17.4	29	7.3	1.9	6	156	23.6	5	-	80	89	65	-	-	-	3	42	25	1002	25	0	1002	25	0
*Lesende	9.8	13.02	18.2	29	6.6	1.0	6	211	44.9	2	178	83	90	68	26	77	463	7	65	16	1003	22	0	1003	22	0
Lira	10.5	12.41	17.4	29	8.6	4.0	5	147	23.9	5	112	86	97	75	29	86	491	21	91	10	-	23	0	-	23	0
Mabegondo	9.6	13.45	17.9	3	5.8	-1.0	30	128	24.8	5	68	91	100	74	28	74	502	7	64	9	1013	21	2	1013	21	2
Malpica	10.5	12.85	17.0	29	8.2	2.8	6	126	26.6	5	92	87	97	74	28	82	503	26	107	10	1004	27	0	1004	27	0
Marco da Curra	6.5	8.78	14.1	29	4.3	-0.6	6	248	32.0	2	228	93	98	82	19	56	386	20	87	4	947	27	1	947	27	1
Melide	7.1	10.74	18.4	30	3.6	-1.5	6	193	27.5	5	172	92	98	77	22	66	423	7	75	10	967	26	7	967	26	7
Muralla	7.1	9.2	15.1	30	5.2	0.4	6	337	71.7	2	320	95	99	85	20	60	360	22	97	5	946	26	0	946	26	0
*O Val	10.5	13.5	16.6	23	7.5	1.0	31	177	33.1	5	-	85	94	71	-	-	-	5	52	16	1018	26	0	1018	26	0
Olas	7.7	10.61	14.9	29	4.7	-0.3	6	193	30.7	5	175	95	100	82	18	54	359	12	69	5	-	24	2	-	24	2
*Ordes	8.0	11.98	17.2	30	3.8	-1.6	29	170	28.7	5	-	89	95	75	-	-	-	4	50	5	991	26	8	991	26	8
*Paramos	8.2	11.28	15.7	30	5.1	-0.9	6	260	32.4	5	-	95	100	83	-	-	-	10	60	10	981	26	3	981	26	3
*Pazo de Galegos	8.9	12.33	17.9	30	5.3	-0.9	7	153	29.3	5	98	94	100	80	24	70	445	4	49	4	997	18	5	997	18	5
Punta Candieira	10.1	11.91	15.4	29	8.4	3.2	6	127	31.2	5	--	86	97	73	17	47	365	34	128	1	992	26	0	992	26	0
Punta Langosteira	11.9	13.68	16.6	3	9.7	5.0	6	72	20.7	5	-	81	93	67	27	79	485	23	106	10	1021	19	0	1021	19	0
Río do Sol	7.3	9.7	13.6	29	5.2	-0.2	6	259	33.1	5	240	94	99	84	22	65	403	20	88	10	959	27	2	959	27	2
*Rus	10.1	13.73	17.2	3	6.4	0.9	29	173	32.2	5	-	91	98	74	-	-	-	4	53	13	1007	26	0	1007	26	0
Sálvora	11.4	13.1	16.4	29	9.5	4.9	6	153	21.0	5	104	85	94	74	31	90	545	20	89	10	-	21	0	-	21	0
Santiago-EOAS	8.9	12.01	17.1	30	6.1	0.1	6	145	19.8	5	119	90	98	75	26	77	469	8	62	5	993	23	0	993	23	0
Santiago-San Lázaro	8.7	11.65	17.2	30	5.8	-0.3	6	107	14.9	5	81	88	95	74	25	72	428	9	62	5	987	19	-	987	19	-
Sergude	8.5	12.15	17.7	30	5.1	-0.8	7	129	17.5	5	-	93	100	76	19	57	388	-	-	-	-	22	3	-	22	3
Serra da Faladoira	7.2	9.89	17.0	29	4.9	0.1	6	315	37.3	7	293	93	100	77	23	66	436	24	108	1	955	27	0	955	27	0

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.









Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 1

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>Ourense</b>																												
A Mezquita	4.0	7.66	14.5	29	0.7	-3.7	8	110	19.4	10	79	83	94	67	39	116	621	9	71	10	906	15	16					
*A Portela	7.0	11.86	17.3	30	3.1	-1.8	31	94	23.8	13	64	86	98	64	27	80	504	5	51	10	-	15	5					
*A Trabe	5.7	9.14	14.8	18	2.7	-0.8	15	90	21.3	10	56	82	92	68	40	118	625	4	47	28	933	10	5					
Alto do Rodicio	4.7	7.19	13.5	30	2.1	-2.5	6	147	25.9	5	124	91	98	79	29	84	498	14	62	9	910	19	8					
Amiudal	7.1	10.6	16.6	29	4.2	-2.0	15	169	28.4	10	139	88	96	72	33	95	563	10	82	10	959	20	3					
As Petarelas	5.8	10.89	17.5	29	1.9	-2.1	15	109	20.4	13	-	87	98	67	34	98	584	-	-	-	-	14	10					
Baltar	4.9	9.36	15.4	30	0.1	-4.6	24	89	25.8	10	62	89	100	68	31	90	559	8	57	1	931	15	20					
Cabeza de Manzaneda	0.5	2.92	10.2	30	-1.9	-7.9	6	106	19.9	5	--	86	96	73	33	98	615	32	99	1	827	18	20					
*Calvos	4.3	8.73	16.0	30	-0.3	-6.6	15	127	22.5	13	100	92	100	74	34	99	585	9	60	10	-	19	19					
Casaio	3.6	6.6	11.4	18	1.0	-3.2	6	47	10.3	5	-	80	94	60	-	-	-	6	99	5	-	16	14					
*Corzos	2.8	6.4	13.1	29	-0.3	-5.8	8	77	17.6	13	-	87	96	70	-	-	-	6	52	5	-	19	20					
Entrimo	6.2	10.07	18.1	30	3.1	-1.9	6	208	32.1	13	-	90	98	74	29	85	507	-	-	-	-	18	5					
*EVEGA Leiro	7.9	14.13	19.8	29	3.5	-2.2	30	91	20.4	13	-	89	97	66	-	-	-	1	33	10	1011	13	7					
Gandarela	7.1	10.73	15.1	29	4.2	-1.7	6	93	20.7	5	63	89	98	75	36	106	595	7	63	10	952	12	1					
Lardeira	1.0	3.95	11.3	23	-1.6	-7.4	6	43	9.0	25	--	86	97	70	32	95	535	24	95	9	841	14	20					
*Larouco	6.9	11.28	16.3	3	3.2	-2.3	15	75	19.9	5	-	76	87	60	-	-	-	3	38	1	963	11	5					
Laza	6.1	10.79	17.5	29	2.3	-2.1	15	103	18.0	2	73	86	97	67	35	102	567	4	61	10	-	16	10					
Monte Medo	6.2	10.21	17.0	30	2.6	-2.5	6	112	24.2	5	-	88	97	69	28	83	502	-	-	-	-	17	9					
O Invernadeiro	3.6	8.28	16.4	29	-0.1	-4.1	8	180	42.4	2	150	87	97	70	39	114	655	8	64	7	905	15	20					
Ourense	8.3	13.39	19.2	29	4.3	-0.8	31	75	20.8	5	-	83	95	62	-	-	-	-	-	-	-	12	2					
Ourense-Estacións	9.0	13.84	20.3	29	5.2	0.4	30	76	19.9	5	22	83	95	61	25	63	482	2	38	10	1009	11	0					
*Pazo de Fontefiz	7.4	11.05	18.0	30	3.8	-0.9	31	95	19.3	5	69	85	93	70	23	68	443	3	58	3	975	16	5					
*Ponte Boga	7.4	11.4	16.2	3	3.9	-1.1	15	75	21.0	5	40	76	87	61	26	76	492	4	50	10	969	9	4					
*Prado	8.3	13.17	18.1	29	4.6	0.5	30	102	21.9	5	-	87	94	68	-	-	-	2	34	10	1009	12	0					
Remuíño	7.9	13.61	19.3	29	4.0	-1.4	30	110	17.6	13	86	91	97	69	18	54	442	3	42	5	-	15	3					
*Riós	5.2	9.98	17.2	29	1.4	-2.5	8	97	18.9	10	66	87	98	67	38	113	640	3	33	5	-	14	9					
San Xoán de Río	4.0	7.24	14.2	30	1.6	-2.7	6	100	19.8	5	78	92	98	79	27	81	491	14	75	10	905	16	13					
Serra do Eixe	3.2	5.79	11.8	18	0.6	-4.0	6	121	26.4	5	99	91	99	75	31	92	507	13	90	5	883	17	15					
Verín-Vilamaior	6.4	10.89	17.5	29	2.6	-2.1	15	76	15.0	10	45	85	96	67	34	101	571	5	59	10	960	15	7					
Verín-Vilela	5.9	12.02	18.9	29	0.6	-4.9	30	55	13.0	10	26	87	98	64	34	101	566	4	57	10	-	11	19					
Viana do Bolo	4.8	9.32	15.3	31	1.0	-3.4	15	80	16.7	5	--	84	96	64	--	--	625	8	98	9	928	13	14					
Xares	0.4	2.94	12.0	23	-1.9	-7.7	6	70	16.0	5	--	83	95	66	41	110	664	21	89	10	827	20	20					
*Xinzo	6.0	11	18.1	31	1.5	-4.2	18	71	16.3	5	42	91	100	71	35	103	597	5	42	11	-	12	13					
Xurés	4.6	7.56	14.5	30	2.0	-3.2	6	193	25.6	2	161	87	98	68	33	97	561	17	92	10	902	19	10					

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



*Tremoeido	9.9	13.16	17.9	29	6.4	0.8	15	164	25.7	2	-	87	98	71	-	-	-	3	36	2	1016	20	0
Vigo	10.4	13.95	20.5	29	7.4	2.4	7	165	28.6	13	-	84	95	65	-	-	-	-	-	-	-	19	0
Vigo-Campus	8.7	10.87	16.6	29	6.9	2.8	7	266	76.1	2	156	83	95	65	34	100	565	7	85	10	970	19	0
Xesteiras	6.6	8.59	15.3	30	4.7	-0.4	6	425	60.2	2	-	92	98	82	-	-	-	23	103	4	-	25	1

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.